

**ABASTECIMENTO DA AUGA MUNICIPAL**

D. José Ramón Romero García, alcalde-presidente do Concello de Boiro,

**FAI SABER:**

**Primeiro.-** Que nalgúns núcleos de poboación se están a suceder faltas de presión no abastecemento de auga consecuencia do nivel de auga que presentan algún dos depósitos municipais en determinados horarios.

**Segundo.-** Que, consultados os servizos técnicos municipais, estímase que o baixo nivel dos depósitos e a falta de presión se debe a un consumo excesivo por parte da veciñanza derivado de baldeos, rego en xardíns e acometidas non autorizadas. Algunha destas situación veñen provocadas polas altas temperaturas que se están a sufrir e que van continuar nos vindeiros días.

**Terceiro.-** Que segundo establece o *Regulamento xeral do servizo municipal de subministración de auga potable do Concello de Boiro* do ano 2013, "**as acometidas non autorizadas e os usos da auga non establecidos no contrato ou prohibidos conlevarán a sanción correspondente**".

**Cuarto.-** Rógase e recoméndase un uso responsable da auga municipal, **evitando o rego de xardíns ou fincas agrícolas e baldeos con auga da traída municipal**. Así mesmo, dende o servizo municipal levarase a cabo un maior control da posible existencia de acometidas non autorizadas.

**Quinto.-** Con estas medidas trátase de minimizar os efectos que a falta de auga pode provocar no abastecemento municipal. De persistir esta situación de seca, procederase ao corte da subministración en determinados horarios.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento.

En Boiro, a 23 de agosto de 2023.

O alcalde.

---

**Concello de Boiro**

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

